



upd barbanza-noia

NOTA DE PRENSA

No mes de agosto continuará o ciclo de *“Xornadas de Busca Activa de Emprego”* organizadas pola UPD da Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego de Barbanza-Noia en colaboración cos concellos do Pacto e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e a Consellería de Traballo e Benestar.

O vindeiro día 3 dará comezo a segunda das accións formativas que compoñen o ciclo e que leva por nome: *“Como afrontar unha entrevista de traballo”*. Esta terá lugar en horario de mañá e nela trataranse os aspectos básicos a ter en conta á hora de presentarse a unha entrevista.

A acción formativa desenvolverase en todos os concellos do Pacto, previsiblemente nas seguintes datas:

- **Riveira:** 3 de agosto.
- **Boiro:** 4 de agosto.
- **A Pobra do Caramiñal:** 5 de agosto.
- **Lousame:** 9 de agosto.
- **Rianxo:** 10 de agosto.
- **Outes:** 11 de agosto.
- **Porto do Son:** 12 de agosto.
- **Noia:** setembro.

O ciclo completárase con **outras xornadas**, a impartir nos próximos meses (datas por determinar):

- ❑ *“Pasos para a creación dunha empresa”*
- ❑ *“Como darlle forma á túa idea empresarial (Plan de empresa)”*
- ❑ *“Xornadas informativas sobre subvencións”*.

As **prazas** son **limitadas** e terán **preferencia** as **persoas participantes** na **primeira das accións formativas**.

Todas as xornadas teñen **carácter gratuíto**. A xente interesada en anotarse pode facelo no seguinte teléfono: **981 84 18 26** (en horario de 8.00 a 14.00 horas, de luns a venres), ou a través do correo electrónico: info@updbarbanza-noia.org